

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Rocha da Moura

Contan os meus avós que nun lugar preto de onde viven hai unha rocha xigantesca, na beira do río, á cal lle chaman a □Rocha da Moura□.

Contan que os seus devanceiros cando ían co gando a pastar, vían sobre a rocha unha fermosa muller loira, que din que era moi parecida a unha serea.

Contan tamén que a muller peiteaba o seu longo cabelo loiro. Pero desaparecía cando te achegabas para falarlle. Era un misterio para todos, pero tamén din os meus avós que se alguén ousaba quedar a durmir sobre a rocha pola noite podía quedar sen pelo.

[Recompilado polo alumno Carlos Acuña, do CEIP Santo André de Xeve, Pontevedra, da súa avoa Pura de Couso]

BIBLIOGRAFÍA

FONTE:

O SOL DA MIÑOTEIRA, nº 16, Revista do CEIP Santo André de Xeve, Pontevedra, Semana das Letras Galegas 2005, páx. 40.